

## Expediente 88/2026

**Procedemento:** Procedemento de renovación, novo ingreso, admisión e matrícula de persoas usuarias da Escola Infantil Municipal (EIM) do Concello de Outes para o curso 2026/2027.

**ANTECEDENTES.** O Concello de Outes ten unha Escola Infantil Municipal (EIM) con permiso de inicio de actividades con data do 14/02/2023.

O concello de Outes publicou no Boletín Oficial da Provincia nº 32 de data 18 de febreiro de 2026 o procedemento de renovación, novo ingreso, admisión e matrícula de persoas usuarias da EIM do Concello de Outes para o curso 2026/2027.

Segundo o establecido no apartado 1.1 de dito procedemento: *“O prazo de presentación de solicitudes de renovación de praza será do 9 ao 25 de marzo de 2026, ambos incluídos”*

### RESOLVO

**PRIMEIRO.** Aprobar e publicar a listaxe definitiva de admitidos/as logo de rematado o prazo para solicitudes de renovación na Escola Infantil Municipal do concello de Outes para o curso 2026/2027

#### 1) Solicitudes renovación Aula 1-2

SOLICITUDE	XORNADA	HORARIO	ESTADO
2026ERC967	XC - Continua	Luns a venres: 9:00h-16:00h	ADMITIDO-A
2026ERC968	XC - Continua	Luns a venres: 8:45h-16:30h	ADMITIDO-A
2026ERC969	MX-Continua	Luns a venres: 9:45h-12:30h	ADMITIDO-A
2026ERC1050	MX-Continua	Luns a venres: 8:45h-12:45h	ADMITIDO-A
2026ERC1051	XC- Continua	Luns a venres: 7:45h-15:15h	ADMITIDO-A
2026ERC1052	MX-Continua	Luns a venres: 8:40h-12:40h	ADMITIDO-A
2026ERC1080	XC- Continua	Luns a venres: 8:00h-16:00h	ADMITIDO-A
2026ERC1081	MX -Continua	Luns a venres: 9:30h a 12:30h	ADMITIDO-A

#### 2) Solicitudes renovación Aula 2-3

SOLICITUDE	XORNADA	HORARIO	ESTADO
------------	---------	---------	--------



2026ERC970	XC-Continua	Luns a venres: 98:00h-16:00h	ADMITIDO-A
2026ERC971	MX-Continua	Luns a venres: 9:00h-12:45h	ADMITIDO-A
2026ERC972	XC-Continua	Luns a venres: 8:00h-15:30h	ADMITIDO-A
2026ERC973	XC-Continua	Luns a venres: 8:00h-15:30h	ADMITIDO-A
2026ERC974	XC-Continua	Luns a venres: 7:45h-15:45h	ADMITIDO-A
2026ERC975	MX-Continua	Luns a venres: 9:20h-12:30h	ADMITIDO-A
2026ERC976	XC-Continua	Luns a venres: 8:00h-16:00h	ADMITIDO-A
2026ERC977	XC-Continua	Luns a venres: 8:00h-16:00h	ADMITIDO-A
2026ERC978	XC-Continua	Luns a venres: 8:00h-15:30h	ADMITIDO-A
2026ERC980	XC-Continua	Luns a venres: 8:00h-15:30h	ADMITIDO-A
2026ERC981	MX-Contínua	Luns a venres: 9:00h-12:45h	ADMITIDO-A
2026ERC1082	XC-Contínua	Luns a venres: 9:00h-15:30h	ADMITIDO-A

**SEGUNDO.** O prazo de matrícula para tódolos usuarios/as que renoven praza na EIM será entre o 15 e o 30 de xuño de 2026 ambos incluídos. De non formalizarse a matrícula nestas datas decaerá o dereito á praza obtida, aínda constando o usuario/a na relación definitiva de admitidos-as.

A matrícula formalizarase a través do impreso que se facilitará na EIM, ao que se achegará a documentación prevista no apartado 3.1 do procedemento de renovación, novo ingreso, admisión e matrícula de persoas usuarias da EIM do Concello de Outes para o curso 2026/2027, publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 32, de data 18 de febreiro de 2026.

**TERCEIRO.**-As solicitudes de modificación de horarios (ampliación e ou redución) tanto no momento da matrícula como posteriormente ao longo do curso escolar, deberán ser presentadas ben por medios electrónicos (a través da sede electrónica do Concello ([https://outes.sedelectronica.gal/info.0](https://outes.sedeelectronica.gal/info.0)), de xeito presencial no rexistro xeral do Concello ou na propia escola.

As solicitudes de ampliación de horario ou modificación da franxa horaria sen modificar o número de horas de permanencia na escola serán atendidas sempre e cando haxa dispoñibilidade de horario na escola e con motivo xustificado.



No caso de solicitudes de modificación de horario que impliquen redución de horas serán atendidas sempre e cando a redución de horario non implique pasar dunha xornada completa a unha media xornada, por tratarse este aspecto un modo de desempate no proceso de baremación tal e como se recolle no apartado 2.3 do procedemento de renovación, novo ingreso, admisión e matrícula de persoas usuarias da EIM do Concello de Outes para o curso 2026/2027 on di *“....de producirse empates nas puntuacións logo de ser baremadas as solicitudes, os criterios a seguir para proceder ao desempate serán: 1.Primeiro.....2.Segundo: de persistir o empate e logo da aplicación do primeiro criterio daráselle prioridade ás solicitudes de xornada completa (continuada ou partida) con servizo de cociña sobre a media xornada”*.

**CUARTO.-** Rematado o prazo de solicitudes de renovación na Escola Infantil Municipal do concello de Outes para o curso 2026/2027 e admitidas tódalas solicitudes presentadas, as prazas libres na EIM segundo a unidade e tipo de xornada son:

- Aula 0-1: 7 prazas - xornada completa
- Aula 1-2: 4 prazas - xornada completa
- Aula 2-3: 7 prazas - xornada completa

Outes, na data que figura á marxe

O Alcalde

Francisco Calo Abelleira

O secretario

Guillermo José Fernández López

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

